

**Lema: Ab alta cuncta**

## **AS FILLAS DA MANOLA**

## A MANOLA (ou a cabeza)

Cando soou a serea da fábrica abrindo en dous a escuridade aínda era noite mesta, pero Manola non durmía. Enredaba pola casa abrindo as contras e fiestras que pechara horas atrás, a cal e canto, para chamar ao descanso e arredar as pantasma que chegaban coa anoitecida e a marea.

Na casa non se escoitaba máis que os queixumes da madeira vella, o óxido virando sobre si mesmo nas engrenaxes de ferro e o murmurio do mandil de cadros ao rozar coa tea da súa saia negra. A pequenos pasos cara un lado, a pequenos pasos cara o outro e, entre medias, os límites do seu mundo e o frío da noite desprazando o aire moi respirado doutra vixilia de salitre.

Escondeu como puido o cabelo enleado baixo un pano tamén negro, sen importarlle demasiado se era quen de agochar todas as canas que tomaran as súas sens. Baleirou os restos do café por riba da louza sucia e, como único acto de hixiene, limpou as lagañas dos ollos e encheu de aire os pulmóns, con resignación.

No cuarto pegado á cociña podía escoitar a respiración da súa neta, acostumada xa desde había anos a visitala en tempada de festas. Ela era do interior, e notábase, sobre todo nesa maneira inocente de gozar do mar que se ten cando non se traballa para el nin nada che arrebatara. No interior, a diferenza doutros lugares, sempre tiñan ben postos os pés na terra e iso axudaba moito para non perder o equilibrio por entre os vaivéns da vida. E igual era ela, aínda demasiado nova para entender que esa vida podía ser arrastrada pola corrente dunha onda voraz, sen avisar.

Porén alí, tan preto da praia, a auga salgada coábase polas entrañas remarcando as engurras da súa cara e facendo aínda máis profundas as fendas das súas mans. O xesto grave de cella grosa que acotío levaba no rostro confundíase con mal carácter e, quizais de tanto escoitalo ás xentes da vila cando falaba ao seu paso fixérao seu, pero ela sabía que a razón do seu virar de entendemento ficaba agochada tras as illas Cíes. E todas as súas compañeiras da fábrica sabían tamén, mais parecía que co pasar dos anos optaran polo esquecemento.

As noites que conseguía durmir, era o primeiro que recordaba en canto espertaba. Un pensamento escuro aniñaba entón na boca do seu estómago para o resto do día e xa non a abandonaba fixera o que fixera e estivera onde estivera. Ao principio probara a cambiar de xentes e de sitios, pero todo intento de desfacerse del fora van e esgotador.

Se non conseguía durmir, coma aquela noite, a situación ía a peor e todas as estancias da casa enchíanse de imaxes grises da súa vida pasada, coma fotogramas velados dunha cámara vella que non funciona ben. Por iso pechaba contras e ventás en canto regresaba, para mantelas lonxe e para afastar tamén ese eterno cheiro a peixe e a sal.

O asunto seguía sen estar nada claro tantos anos despois. Os recortes dos xornais que gardaba na caixa de metal debaixo da cama non explicaban nada. Todo o contrario, parecía que ocultaban información, todos aqueles datos que a ela lle faltaban.

*“Naufraxio a carón das Illas Cíes. Non hai superviventes”*, recollían os titulares da prensa da comarca e cada unha das imaxes que os acompañaban eran paisaxes calmas da boca da ría, sen restos de barco por ningunha parte, sen ondas picadas nin temporais que botasen luz sobre o seu desconcerto.

Aquela tarde do 13 de febreiro de 1925, cando se dera aviso da desgraza, a muller dun dos compañeiros do seu home petara na porta da casa cos ollos esnaquizados polas bágoas. Non fixera falta que lle falara porque aquela mirada quedaría gravada na súa memoria para sempre e só puidera botar a andar, primeiro, e a correr despois, cara o peirao, para esperar a que a marea lle devolverse os restos de madeira da súa xa antiga vida. Ou algo.

Pero pasaron os días e, con eles, os anos e nada aparecera varado na praia. Nin os aparellos nin os corpos. Nada. E nada era peor que calquera outra cousa, porque a nada fixera que a súa cabeza comezara a ir cara o lado errado de entre todas as cavilacións posibles.

Alguén lle falara un día dunha adiviña que vivía preto da cidade. A mellor da zona, dicían. Só tiña que levarlle unha pertenza do seu compañeiro e as súas dotes de conexión co máis alá despexarían todas as súas incógnitas.

Así que unha tarde, ao rematar a quenda de traballo e cos pés aínda mollados, collera o tranvía cos cartos agochados no refaixo e unha fotografía e uns pantalóns usados dobrados baixo o brazo, moi pegados a esa mestura de esperanza e medo que oprimía o seu corazón.

Fora un traxecto longo aquel, cheo de xente que estorbaba subindo e baixando, pedindo paradas, falando de cousas moi pouco importantes para os seus oídos. Se estaba no certo, contaríallo a todo o mundo, para que souberan. Ela sabíase segura, aínda que ninguén quixera escoitala e menos crer nas súas palabras, por iso necesitaba que fora outra persoa a que llo dixera. Non era posible que daquel fatídico día só chegaran a terra

os ecos da desgraza e que todo o demais, barco e tripulantes, fora tragado mar dentro para sempre.

Cando sentou diante daquela muller coa suor empapando os seus sobacos e o pano da cabeza, a adiviña fora tan adiviña que sabendo do naufraxio adiviñou canto ela quería escoitar. E contoullo, sen escatimar os detalles, sen reparar no quebranto que provocaría na alma, sen prexuízo algún por sumar unha nova clienta a golpe de falsas ilusións, dirían algúns.

Pero aquela adiviña era tan adiviña, que en canto a viu á Manola cunha mirada de ollos suplicantes, comprendeu que o seu deber era ofrecer comprensión e un motivo para seguir adiante, diría ela.

Contoulle que o seu marido marchara ás Américas, que o naufraxio do que falara a prensa non fora tal, senón unha simple invención pola ausencia dunha explicación mellor. Fíxolle saber que os catro mariñeiros do barco de pesca estaban implicados naquel cruzar o océano para facer unha vida nova, sen avisar a ninguén, para buscar fortuna e regresar con éxito anos despois e seren os donos da vila.

Espetoulle tamén, sen máis, que co tempo o seu home coñecera outra muller naquelas terras e que, á espera de regresar a casa cos petos enchidos de cartos, tivera máis fillos con ela. Non obstante, advertiulle que non se preocupara pola muller, porque xa sabían as dúas que un varón non sabe estar sen femia cerca e que a quen de verdade quería era a ela, a pesar de que co paso dos anos cada vez se lle fixera máis difícil regresar arruinado.

Para rematar, recomendoulle que non perdera a esperanza e, sobre todo, que aprendera a practicar o perdón comprendendo as voltas que dá a vida quixeran elas ou non, así que debía de estar preparada porque en calquera momento, un ou outro día, el había de petar na porta da casa para quedar definitivamente.

Aquel primeiro acto de adiviñación correra por conta da adiviña e o xesto fora o punto de inflexión para que Manola comezara a frecuentala, primeiro de vez en cando, despois de cando en vez e, pronto, cada mes.

Aínda que aquela tarde regresara triunfante a casa con todas as palabras dándolle voltas na cabeza e acelerando o seu corazón, de seguido a sensación de sosego esvaeceuse e comezaron a aparecer o insomnio nas noites e os interrogantes de desvelo. Necesitaba saber máis e, a pesar de que os cartos da fábrica non lle alcanzaban para cubrir as súas visitas á cidade, quitaríase doutras cousas menos importantes.

Así fora como empezara a tomar decisións que non sabía moi ben cara onde a levarían, como non renunciar a un loito opresor ata que o seu home estivera de volta, ou educar aos fillos con máis austeridade da que esixía a súa economía, ou simplemente deixar de frecuentar ás amigas porque rexoubaban de esguello e non entendían.

Pechouse por dentro con contras máis robustas que as madeiras da ventás da súa casa e xa nada saía, pero tampouco entraba, agás o aire de cada madrugada que axuda a encher os pulmóns do pulo que necesitaba para sobrevivir aferrada á esperanza de que o ansiado regreso tiraría da memoria aquela tarde de febreiro.

O segundo toque de serea avisou de que era hora de saír cara á fábrica. O silencio da noite comezara a encherse de pasos e voces polo baixo, de camiñares máis ou menos apurados, de murmurios todos na mesma dirección.

Pechou a porta deixando á neta na cama, miña pobre. A festa na praza da tarde pasada fixera que chegara a casa máis aló da hora acordada e que rifaran antes de cear. Era unha rapariga preciosa e así llo dicían sempre no mercado ou cando a ía buscar ao traballo. Queríaa, si, pero tamén debía protexela das miradas lascivas dos homes da vila que non viran máis mundo que o dos aparellos do campo ou do mar. Eses brutos só buscaban unha présa que atrapar entre as súas redes e ela, sendo cada verán unha novidade, era o branco perfecto de todas as malas intencións.

Sumida no devagar das horas limpando sardiñas, e por esa teima súa de non gastar máis do necesario, perdera a súa posta de largo uns meses atrás. Alí presentáraa o seu fillo en sociedade, facéndose eco do acontecemento a prensa local.

A Manola non estaba moi de acordo con estes rituais, máis ben ao contrario, espetándolle ao seu fillo os días previos que as mulleres non eran ningún tipo de pertenza da que presumir ante os demais. Tentou protexer á súa neta tamén nesa ocasión, pero a voz dun home, por moi fillo seu que fora, tiña máis peso que o respecto a unha nai e a experiencia de vida adquirida cos anos.

Así botara mozo tan pronto despois daquilo. Quince anos tiña e quince días foran os que pasaran ata que accedeu ás beiras que lle facía un rapaz que estaba a piques de entrar a traballar nunha sucursal de banco da capital de provincia. Na familia non comentaban outra cousa máis que era un bo partido entre tanto pretendente como lle saíra, aposta segura, repetían como unha ladaíña, pero ela sabía ben que os plans se truncan e que a felicidade tiña outras cousas.

Tentou por todos os medios que non deixara de estudar, que se fixera mestra de escola que era unha moi boa cousa, pero ao fin pasou o que tiña que pasar.

Nestes pensamentos foi enredada todo o camiño cara á fábrica. Xa cando alcanzaba a curva que conducía á praia virou ás súas costas ao sentir un pasos arrastrados detrás. Era a Carmucha, muller tamén tocada pola desgraza daquel febreiro de había uns anos, a que fora correndo a avisala, a que tentara consolala no peirao as tardes seguintes, a que a obrigara a descansar da súa teima de esperar á intemperie semanas despois.

Só se cruzaron as miradas e se fixeron un leve aceno a modo de saúdo. Había tempo que xa non se trataban, desde que a ela a cambiaran á liña do mexillón. Alí puxérana a traballar con novas compañeiras que nada tiñan que ver co carácter murcho da Manola, nin con nada que tivera relación co pasado. Quizais ese fora o problema e quizais por iso tamén, atrapada alí entre as sardiñas, a Manola non puidera desfacerse dese sentimento escuro na boca do estómago que a mantiña ancorada nalgún punto entre o desalento e a premonición. E así era como ía volvéndose vella, non tanto polos anos, senón máis ben pola falta de ilusións.

JULIA  
(ou os pulmóns)

Prendeu un cigarro mentres o camareiro da cafetaría que estaba pegada ao seu traballo lle servía a consumición. Nas mans o extenso programa das festas da cidade, que parecía encherse de actividades no mes de agosto, nun reclamo para turistas e habitantes calculado ao detalle.

Tiña que elixir entre cine ao aire libre, teatro de balde na praza do concello ou concerto dun grupo estranxeiro nun parque das aforas. Tempo quedáballe abondo para chegar a calquera dos tres eventos, só debía poñerse de acordo coas súas ganas e facer unha aposta clara por un deles. Tamén podía marchar para casa, pero as horas longas de luz e o calor das tardes de verán invitaban a gozar dunhas rúas enchidas de xentes e das terrazas abarrotadas.

Apurou o café cun par de grolos e tras deixar propina comezou a camiñar. Estaba contenta. Traballaba na outra punta da cidade, a case unha hora andando do seu destino, pero gustáballe pasear. Había quen prefería o transporte público ou que collía o coche para calquera traslado, mais ela prefería mesturarse entre os viandantes e ir gañándolle terreo ás distancias polas rúas asfaltadas.

A xornada fora dura, coma sempre no verán. Os teléfonos non paraban de soar e falaba durante horas seguidas colgada ao auricular. Acababa cada tarde coa gorxa seca e con pouco interese por seguir utilizando as cordas vocais, con algo de dor de cabeza e cunha tremenda necesidade de respirar aire para oxixenar o seu cerebro. Por iso camiñar era o que sempre máis lle apetecía.

Estaba contenta tamén porque había uns días melloraran as condicións do seu contrato e por fin a fixeran indefinida, cambiándoa a un departamento máis agradable para traballar e cunhas funcións máis interesantes. Parecía que dunha vez conseguiría deixar de lado a hostalaría e a todos os clientes sen empatía polo gremio que máis ben parecía que ían desafogar ao bar dos seus males que a relaxarse cos amigos.

Agora podería facer plans a uns meses vista. Podería pensar en volver a marchar da casa e alugar un pequeno apartamento ou unha habitación nun piso compartido. Podería matricularse nalgún curso interesante polas mañás ou incluso no ximnasio e tamén comezar a aforrar para facer unha pequena viaxe o vindeiro verán. Pagar o dentista, iso tamén, e renovar as gafas de graduación anticuada que sempre levaba no bolso.

Se se poñía a pensar, a lista seguía crescendo de maneira incansable, así que decidiu non agoniar cos gastos e plans desordenados que lle viñan á cabeza e centrarse na paisaxe urbana que se abría ao seu paso con cada virar de esquina.

A luz marchaba e pronto sería de noite. Os cristais das ventás dos edificios reflectían un solpor alaranxado intenso que se confundía ás veces coas luces amarelas que comezaban a acenderse nas rúas máis estreitas. Por todos lados cheiraba a festa, a pementos fritos, a luras rebozadas e tortilla. Era imposible que son se lle abriera a unha o apetito. Incluso as ventás de todas as casas devolvían cheiro a comida, dispostas moitas familias a cear nas terrazas ou coas portas das súas casas abertas de par en par.

Chegando case ao seu destino prendeu un novo cigarro co que despistar á fame. A estrada principal que levaba ao parque estaba sumida nun atasco monumental de coches pitando e dando bandazos na loita por encontrar onde aparcar. A pé, coma ela, centos e centos de persoas que apuraban o paso, cunha présa tamén visible por coller o mellor sitio ante o escenario para gozar do concerto.

Ela non ía tan apurada. Gustáballe o grupo, pero tampouco podía dicirse que fose unha seguidora leal. É máis, seguro que non coñecía moitas das cancións do seu novo álbum, así que buscaría un lugar no que sentar comodamente sen molestar nin que lle molestase demasiado o do lado.

Cando estivo situada chegou unha mensaxe ao seu teléfono móbil. Era do seu mozo, preguntándolle onde estaba porque fora recollela ao traballo e non se encontraran ao saír.

Púxose moi contenta. Poucas veces podían quedar a aquelas horas e que el rematara tan pronto a xornada significaba que verían o concerto xuntos e despois irían a tomar algo e, máis despois aínda, pois xa se vería.

Coñecérao uns meses atrás e ese era outro motivo de alegría. Non tivera moitas parellas desde a universidade, aquel rapaz da clase do lado co que a relación non rematara ben porque mentres que el facía plans dunha vida en plural, ela só pensaba en marchar ao rematar os estudos a un país estranxeiro para mellorar o seu inglés. Un par de meses, non máis, pero el non comprendía ou non quería facelo e a pausa na súa relación antollábaselle intolerable.

Este, porén, era diferente, ou a que mudara de necesidades quizais fora ela. Agora, con máis anos e media vida a costas, o que lle apetecía era asentarse e construír algo con calma. E parecía que funcionaba.

Debuxou un sorriso nos seus beizos mentres pensaba en canto se enderezaran as cousas nos últimos meses. Estaba nun deses momentos da vida nos que parece que todo flúe e encaixa coma as pezas dun quebracabezas, sen ser moi consciente dos pasos dados para chegar ata alí. Non cría demasiado na sorte, pero non podía máis que sentirse afortunada por tanto acontecemento inesperado que puxera as cousas no seu lugar.

Volveu soar o seu teléfono. Outra mensaxe. E con ela, chegaron tres máis de chamadas perdidas. Comprobou estrañada a cobertura e só tiña un pau. Seguro que dentro do bolso aínda menos. Despregou a icona do sobre para ler e deu un chimpno no seu asento ao tempo que o público comezaba a asubiar protestando polo retraso do comezo do concerto.

O seu mozo parecía enfadado. Botáballe en cara que non contestase ao teléfono e que levara máis dun cuarto de hora atrapado entre o tráfico buscando onde aparcarse. Pedíalle que se encontrase con el na saída, onde a esperaría co coche en dobre fila e cos catro intermitentes postos.

Julia intentou apresurarse, pero non era fácil ir en dirección contraria de cantos intentaban acceder ao recinto. Mirou de esguello ao escenario e convenceuse de que ía ser moi complicado que á volta atopasen un bo lugar para os dous. Pero tampouco lle importou demasiado. Quizais o cine ao aire libre ou o teatro de balde foran mellor opción dadas as novas circunstancias.

Cando tomou o camiño que levaba á saída do parque viuno vir de fronte entre os máis atrasados. Fíxolle un aceno levantando a man e sorriulle timidamente porque o seu camiñar indicáballe que algo ía mal.

En breves segundos sucedeu todo e ela quedou con esa cara coa que se queda unha cando non hai tempo nin oco para unha reacción. Alí, diante de todos, sen mediar palabra e con toda a brusquidade inesperada da que nunca lle creu capaz, arreoulle unha labazada que lle deixou a meixela marcada. Despois, agarrouna fortemente do brazo, facéndolle dano, e arrastrouna ao coche mal aparcado.

Ela miraba para os lados, coma buscando unha explicación. A vergoña mesturábase coa incredulidade e, con ollos desconcertantes, increpaba ás persoas que pasaban de largo rexoubando. Despois miraba para el, sen recoñecelo, e de novo para as xentes coas que se cruzaban.

Ao chegar á saída ordenoulle que subira mentres abría a porta do acompañante e apertaba con máis forza o seu brazo para forzala a facer o que dicía. Por un momento pensou en negarse, pasóuselle pola cabeza defenderse, soltarse e botar a correr cara os

axentes que tentaban reorganizar o tráfico un pouco máis abaixo. Pero non o fixo e sentou con bágoas anegando os seus ollos, mentres os escasos segundo que el tardou en estar ao seu carón poñendo en marcha o motor pasaron ante si coma a cámara lenta, coma cando lle das ao *pause* nunha película e despois a avanzar pouco a pouco á escena.

Non lle falou nin unha palabra. Só resollaba e a miraba de cando en vez con ollos recriminatorios. Cando ela se atreveu a articular palabra pedindo unha explicación, agarrouna polo cabelo e sentiu un calafrío de pánico pensando que a ía estampar contra o cadro de mandos. E pensou que o mellor era calar para non complicar máis a situación.

Detivo o coche nas aforas da cidade, nun lugar solitario no que a fíxo baixar para darlle libremente un par de golpes máis.

Un, por non chamalo ao saír do traballo. Dous, por non preocuparse por el. Tres, porque as mulleres con mozo non van soas a concertos nin gaitas desas. Catro, por non contestar ao teléfono. Cinco, por obrigalo a facer aquilo. Seis, por alteralo. Sete...oito...

E todo saltou polos aires.

Por iso, dez anos máis tarde, cando contemplaba paralizada o destino impreso no seu billete de avión entre as súas suorentas mans, sentía que tiña medo a voar.

As chamadas polos altosfalantes para os diferentes destinos confundíanse coas miradas da súa familia que lle pedían suplicantes que subira a aquel avión para non volver máis e cos latexos do seu corazón que lle ían estoupar as tempas da súa pouca valentía.

Aquela mañá, fronte á porta de embarque e coas maletas xa facturadas, seguía sen comprender qué sucedera coa súa vida, en qué momento fixera algo incorrecto ou cal fora o feito que a expuxera á intemperie da soidade social.

Prendeu o último cigarro que fumaría preto de todo canto coñecía. O seu corpo estaba minguado de peso e anos felices e apurouno coa ansiedade de non saber se lle quedarían forzas para volver a empezar.

Con cada calada, os seus pulmóns recuperaban un pouco a calma e, cada vez que soltaba o fume facendo un son parecido a un suspiro nado do fondo da alma, repasaba mentalmente os cartos que levaba, a quen tiña que chamar ao chegar, o teléfono da súa psicóloga dos últimos meses e o número persoal da axente que a estivera acompañando a todas partes tras a sentenza de divorcio.

A última chamada para o seu voo rompeu as súas cavilacións. Non quedaba espazo para dar pasos atrás e abrazouse á súa nai e á súa irmá con certo desapego. Quedaran

gravadas na súa memoria as súas palabras pedíndolle que non regresara, pero non quería asumir aquela inxustiza que a obrigara a ela a ser a que tiña que marchar.

Atravesou os controis sentindo a vertixe do chan que se abre baixo os pés. Unha última mirada cara atrás e un esforzo tremendo por non facer caso do medo que parecía obrigala a non subir a aquel avión.

Cando sentou no seu asento xa no lle quedaban desvíos que tomar. E desfíxose en bágoas ante a incredulidade dos demais pasaxeiros.

Achegouse unha auxiliar de voo alarmada por tanta desesperación e, mentres puña a man no seu ombreiro con xesto afectuoso, preguntoulle:

- *Podo axudala?*

- *Si, por favor. Non podo respirar...*

MARILÓ  
(ou o corazón)

Cando aquela madrugada de abril sentiu romper augas, o seu home non chegara a casa e os tres fillos que xa tiña aínda eran pequenos como para quedar sos. Non tivo máis remedio que superar a vergoña e petar na porta da veciña a pesar das horas e, cunha breve explicación, pedirlle que coidara da súa familia. Tiña que marchar ao hospital se non quería dar a luz no portal e debía de apresurarse.

Non lle gustaba aquela vila, para nada. Desde que se trasladaran durmía moitas noites soa, sen entender moi ben qué clase de operacións se facían a aquelas horas nunha sucursal bancaria. Coa última, sumaban xa a cuarta mudanza e era imposible daquel xeito manter ás amigas, obrigada a cambialas cada par de anos por mor do progreso no traballo do seu marido.

Para el era mellora, pero ela sentía que vivía nun *deja vu* constante, onde empezar de cero era a norma cando as cousas se volvían precisamente estables. Os cartos non lles faltaban, iso era certo, pero un fogar non podía construírse estando de aquí para alá sen parar. Celanova, Lalín, Lugo, Santiago..., percorreran xa as catro provincias e non semellaba que chegara pronto un destino fixo.

Ao lado da casa, un cemiterio. Iso desfaciálle os nervios. E as campás da igrexa tocando a morto unhas veces e, outras, chamando á confesión. Ela non tiña demasiado que confesar, a non ser todas aquelas noites que a súa cabeza se enchía de malos pensamentos e desconfianzas. As mañás seguintes adoitaban ser de rifa ou consentimento e daba igual cal das dúas sucedera no tempo, o resultado era sempre o mesmo, a insatisfacción.

Tiña trinta e un anos e unha vida, para os demais, estupenda.

Ás veces a ela tamén lle gustaba, sobre todo as fins de semana, cando o seu home pasaba tempo na casa e comían todos xuntos, e saían por aí, e ían ao cine e facían algunha que outra excursión polas vilas veciñas. Ou nas vacacións. Aquelas pequenas viaxes de verán a grandes cidades, en familia, eran o máis parecido á completa felicidade.

Algúns días chamaba á súa nai pedíndolle consello, ou simplemente só para botar para fóra canto ía acumulando nas tardes de tanto traballo cunha filla máis en camiño, pero ela semellaba non querer escoitar as súas queixas e remataba todas as conversas

indicándolle, sen discusión posible, que o seu lugar estaba xunto á súa familia. E novamente a insatisfacción. E a soidade, que ás veces era peor.

Para que non se fixera máis grande o oco que lle ía crescendo por dentro, calcetaba gorros e bufandas, remataba con encaixes e punto de cruz manteis e sabas ou facía a gancho prendas para a nena que estaba por chegar.

Así que cando chamou ao taxi para que a levara ata o hospital, xa o tiña todo preparado. Faltáballe o máis importante, pero xa se afixera ás ausencias.

Durante o traxecto, non sabía moi ben se movida pola dor ou pola desilusión, repasou os anos vividos ata aquel preciso instante. Con cada contracción, unha época pasada que se lle presentaba de súpeto entre os recordos, con cada respiración adestrada coa matrona, un tempo pasado que marchara e que inevitablemente se lle antollaba mellor.

1, 2, 3...inspira...

4, 5, 6...onde quedaran aqueles anos?...

1, 2, 3...expira...

4, 5, 6...que foi dos que eramos?...

E rememorou a tarde na que a súa nai a sacara na metade da clase para levala consigo ao hospital. *“Papá está moi mal”*, díxerlle coma se nada. E foi tal a naturalidade coa que lle espetou o que estaba a acontecer, que non soubo ver cómo aquel feito sería o primeiro que marcaría o seu destino.

Tras días interminables sen pasar pola escola, co último curso do bacharelato elemental a piques de rematar e as horas incansables do hospital a casa e de casa ao hospital, os seus irmáns e máis ela sentaran arredor da mesa para comer, sen quedar espazo algún polo que escapar daquela conversa.

*“Mañá volves ao colexio. Xa falei coas monxas e farás os exames para acabar o curso o mellor que poidas e, despois, comezarás a traballar no almacén de papá. Terás que esquecer esa teima túa de ser mestra. Fannos falta os cartos e aquí todos temos que colaborar”*.

Con catorce anos fixérase maior de golpe e, aínda que por unha banda gustáballe sentirse adulta a través de tanta responsabilidade, pola outra pronto descubriu que *“todos”* significaba ela soa e que ningún dos seus irmáns cambiaría nada para facer fronte á dramática situación.

Aquela mesma tarde fora coa súa nai de compras. Un vestido formal e uns zapatos elegantes, cun camiño de ida e volta de infinitas indicacións. *“Xa sabes, do traballo para casa, que hai moitas cousas das que se ocupar”* ou *“haberá que facer fronte a*

*moitos gastos e os cartos que che paguen habémoslos necesitar polo que poida pasar”* ou *“non te enredas con nada nin con ningún, ti a traballar, que todos os homes queren o mesmo e es moi nova coma para comezar a preocuparte por esas cousas”* ou tamén a frase que escoitaría ata a saciedade desde aquel día en adiante, *“xa terás tempo de preocuparte polas túas cousas, agora non é o momento”*. E así fora como aprendera a aprazar.

Aprazou as ilusións que para ela tiña con tan curta idade, mentres se cruzaba polas rúas coas súas antigas compañeiras que lle contaban os seus plans de seguir cos estudos ata incluso a universidade.

Aprazou a irresponsabilidade de non pensar en cousas serias, de non sentir que o sustento da familia dependía dela, de saír pola porta da casa sen máis preocupación que pasear coas amigas.

Aprazou a convicción de non ter que traballar para os seus irmáns, que aínda que tiñan dúas pernas e dúas mans, parecera que naceran coa incapacidade do coidado a eles mesmos e aos demais.

Aprazou de igual maneira a ganas de se rebelar porque a súa nai era de armas tomar e porque na igrexa, cada domingo, ameazaban co peso incalculable da conciencia cando non se estaba a cumprir cos designios do destino ou coa solidariedade para co próximo.

Aprazouno todo, a fin de contas, polo ben dos demais.

1, 2, 3...inspira...

4, 5, 6...cando comezara a facerse vella?...

1, 2, 3...expira...

4, 5, 6...que me trouxo ata aquí?...

O taxista non lle quitaba ollo polo espello retrovisor. O home realmente esforzábase por facela sentir segura, pero as contraccións aumentaban e a nena parecía que non esperaría moito para saír.

A seguinte fora tan intensa que sentira que lle abría en dous por dentro as carnes e, con ela, chegara tamén un recordo que, por agradable, quizais fixérase máis doloroso.

Era unha tarde de domingo, as únicas da semana nas que se lle permitía gozar un pouco da idade que tiña. Na pantalla do cine comezaba o último estreo da tempada e, ao seu carón, o que sería o seu primeiro e único mozo. A ela facíalle as beiras tamén un médico da vila que vivía na cidade, pero o amor tiña ás veces esas cousas estrañas que facían que non se entendera moi ben porqué un si e o outro non. O caso é que namorara de Manuel e que, aquela mesma mañá, cando atopara case un cento de postais na caixa do

correo como resposta á que lle enviara o médico a semana anterior, non puidera máis que desfacerse de tenrura.

Por iso comía encantada xunto a el os pasteis que mercaran para a primeira das sesións. E non podía estar máis certa de que elixira ben o camiño cara á felicidade. E non podía saber tampouco cómo decorrerían os anos posteriores a aquela decisión, simplemente porque a vida non avisa.

Na pantalla, Clark Gable co seu porte arrogante. Tan atractivo e irreverente coma sempre. Ao seu carón, el. Pode que non tan guapo nin tan misterioso, pero si intelixente e da vila, que iso sumaba moitos puntos aos ollos da súa nai.

Proviña dunha humilde familia, desas que fan a vendima todos os anos, crían animais na casa e teñen unha pequena horta cos produtos da tempada. Traballar, traballaba arreo, coma ela. Ao rematar a xornada no almacén regresaba sen perder tempo a casa para botarlle unha man á súa nai coas patacas, cos coellos ou co coidado da terra e das plantas. Era un bo rapaz de provincias que a quería, e iso era suficiente.

Non tiñan moitos cartos, pero sempre a agasallaba con cartas ou pequenos detalles aos ollos dos demais, aínda que tenros para unha recentemente namorada. Facían moi boa parella, dicíao todo o mundo na vila, e seguro que lles esperaba un futuro prometedor cunha bonita familia. E con tanto vento a favor fora deixando pouco a pouco de lado os celos pola vida dos outros para comezar a abrazar a idea de que quizais non fora tan malo o camiño que a levara ata alí.

1, 2, 3...inspira...

4, 5, 6...pode ir un pouco máis rápido?...

1, 2, 3...expira...

4, 5, 6...esta nena vai saír...

O seguinte que recordaba con claridade, tras o barullo de especialistas, enfermeiras, matronas e auxiliares, era empurrar con moita forza, moita, como se quixera tirar dos seus adentros tamén os últimos anos de soidade. Ela empurrou, tanto como lle dixeran e máis, empurrou coma se con aquela nena puideran renacer tamén as ilusións perdidas polas esquinas dos anos. Empurrou coma se lle fora a vida, empurrou ata case quedar sen coñecemento e perder as forzas e a respiración.

Empurrou por todas as veces que non soubo qué contestar cada vez que alguén lle preguntara onde se encontraba o pai da criatura e empurrou porque optara por quedar calada, por non facer máis esforzos por ocultar e xustificar canto non era invisible e xustificable.

Cando por fin naceu e a puxeron nos seus brazos chorando, chorou tamén. Estaba razoablemente contenta, pois esta era a irmá que lle faltaba á súa filla maior. Mirouna fixamente e chegou ao convencemento de que dun parto tan saído das entrañas só podería chamala como ela mesma se chamaba, María Dolores.

Pasado un tempo entrou unha enfermeira para avisar da chegada da súa familia. O taxista tamén seguía na sala de espera, preocupado por ter feito ben o seu traballo, sentíndose responsable de algo que nin tan sequera tiña que ver con el.

Non quixo estar con ninguén, decidida a gozar daqueles primeiros momentos ela soa coa súa filla. Seguro que os avisara a veciña, pero eses minutos eran para elas dúas.

Despois, pediu que pasara o taxista. Tivo que repetir en varias ocasións o seu desexo e enfrontarse ás caras de asombro de cantos estaban no quirófano do hospital, pero era o único que estivera ao seu lado desde o comezo e quería que fora o primeiro en coñecer á súa filla.

Gustaríalle non ter que ver a ninguén máis, descansar nunha habitación e non espertar ata o día seguinte. Xa decidiría ao día seguinte os pasos a dar. Pero coma noutras ocasións aprazou. Aprazou a tranquilidade e a calma por deixar que o seu cuarto se enchese de xente, simplemente porque era o que debía facer.

E así foi. Con cada familiar entrando pola porta, saían pola ventá todas as súas ganas.

## MARÍA

(ou a epiderme)

María levaba o nome de case todas as mulleres da súa idade. María de María...Angustias, María...Soledad, Consuelo...María, María...Esperanza, María...Auxiliadora, Milagros...María, etc. Pero a ela, como estado de ánimo e virtude, tocáralle se cadra un dos máis pesados, pensaba, María Dolores. Ben poderían seus pais ter amosado un pouco máis de consideración para coa filla aquela mañá de abril e acurtarlle anos de sufrimento chamándolle simplemente Lola, como a tía avoa que emigrara á Arxentina e que sempre contaba as súas historias de morriña na cociña de leña da casa da aldea. Porén, ser a cuarta dunha extensa familia non axudara a que reparasen no feito de que a linguaxe moito prognostica.

Para tentar agochar o feo ligado ao seu nacemento, comezara a responder desde nena só por María. Nin Lolis, nin Marilós, nin calquera outra variante que camuflara canto se agochaba detrás daquelas dúas simples palabras. María a secas, sen máis reviravoltas.

Desta maneira crecera, sentíndose libre de premonicións e designios que lle viñeran impostos nada máis chegar, facendo e desfando ao seu antollo, indo e vindo de aquí para alá coa sensación de esquivar os acontecementos desagradables en cada virar de esquina.

Era unha rapaza espelida, ben parecida, con gusto pola escola e por gastar as horas xogando no campo de herba e nos montes que había arredor do piso no que vivían nunha vila mariñeira do sur de Pontevedra.

Alí, nos anos oitenta e como consecuencia do *boom* demográfico propiciado pola transición, chegaran a xuntarse medio centenar de nenos de todas as idades, conquistando as rúas de maneira despreocupada, entreténdose día e noite con todo tipo de pasatempos tradicionais.

Os veciños eran coma unha extensión da familia, agrupados en pequenas comunidades en edificios de non máis de oito pisos. Tendían a man cando se necesitaba e estaban presentes en cada festexo compartido. Xogábase nas súas casas, celebrábanse xuntos os aniversarios, brindábase polo Nadal, intercambiábanse roscas e agasallos e cada quen coidaba dos seus fillos e dos dos demais.

Ata que pouco antes da maioría de idade a economía familiar quebrou e, cos números vermellos, chegaron os grandes cambios á par que o final da súa adolescencia.

O desemprego dos seus pais trouxera de si tamén a necesidade e as carencias, a mudanza a outra casa afastada do centro da vila, a neveira baleira, o pan reseso ou a falta del, as duchas de auga fría, o esquecemento de todos, os dedos sinalando ao paso e moitas outras dificultades.

Nas tardes mortas de inverno, o frío invadía o corpo e a única maneira de quecelo era recordando bos momentos do pasado, coma cando ían os domingos despois da misa á pastelería a mercar boliños de leite para almorzar, ou cando seu pai os levaba a todos ao cine, ou cando saían a cear nas festas parroquiais.

Coa falta de ingresos foran desaparecendo tamén as mostras de cariño, esquecidas entre as preocupacións urxentes por saír adiante.

O seu pai perdera o pelo, a súa nai aumentara a dose de antidepressivos e, os irmáns, cada un polo seu lado, foran buscando a maneira de non truncar a vida sen tan sequera ter gastado algunha das súas oportunidades.

Sen posibilidade algunha de estudar, decidira marchar á capital para comezar a traballar nun restaurante de comida rápida. Este feito, aínda que trivial, fora boa cousa, porque o anonimato dun lugar tan grande leváraa a coñecer moita xente nova, distinta da que vivía na vila, máis aberta aos cambios que lle saían de dentro.

Tras uns primeiros anos de desconcerto pola perda dos referentes que dan seguridade, matriculouse na universidade e chegou un tempo de autosuficiencia a pesar de todo, de obxectivos claros e portas a un mundo que se abren, de primeiros bos traballos e de ilusións por unha carreira profesional que comezara a despegar a velocidade cruceiro. Paseniño, pero con constancia.

Entre medias, a separación dos seus pais, a emigración dos seus irmáns e, non obstante, a sensación de que pouco a pouco cada quen ía atopando o seu lugar e que os peores momentos xa pasaran.

Na metade da súa felicidade, unha tarde, na cociña da súa casa alugada, a súa irmá que estaba de visita confesáralle que o seu novo mozo lle pegaba. E todos os novos propósitos esnaquizáranse coas marcas do seu corpo, desfacendo as paredes daquela ilusión dun pasado que cría atallado. María Dolores, que lle dicían...

As mulleres da familia fixeron piña arredor desta nova circunstancia que xa para sempre as acompañaría e eles, argumentando a distancia e que era un problema escrito en clave feminina, ignorárano primeiro, pasaran á agresividade despois e resignáranse co paso do tempo, ao non atopar unha solución eficaz para ningún de todos os acontecementos que comezaran a sucederse.

E quizais iso era o peor das situacións complicadas, a soidade en forma de violencia familiar, institucional e social de quen mira cara ao outro lado. María soubérao anos atrás e agora volvía experimentalo en carnes alleas, aínda que tan parecidas ás súas propias.

No lle quedara máis remedio que facerse valente, a valente, agás polas noites, cando co teléfono sempre acceso temendo unha chamada de madrugada, a ansiedade comezara a facer présa dela e a frustración aniñara no seu cuarto en forma de horas insomnes pregando polo descanso.

E foise distanciando, primeiro dos homes da súa familia, despois dos amigos que non comprendían, máis tarde dos homes en xeral, tan capaces de cambiar o rumbo de tantas vidas e, para rematar, tamén un pouco de si mesma, por non ser quen de abrir unha vía de saída que non fora levarse por diante a quen tanto mal ocasionara.

Sucedéronse os días impregnados de medo, días de hospitais, de ditames xudiciais, de visitas á comisaría, algúns tamén de calma ficticia, días de ganas de deixalo todo e desaparecer, días de frustración, de ira, de dor nas tempas, de puños pechados cravando as unllas nunha carne xa dolorida, días de desesperación.

Os días sumaron semanas, as semanas meses longos que non daban chegado a máis e así unha e outra vez, hora tras hora, co tempo parado nun reloxo de agullas que se detiñan facendo imposible escapar ao seu tic tac errado.

Pasaron case dez anos ata que a súa nai e máis ela conseguiran meter nun avión rumbo a terras estranxeiras á sombra dunha irmá descoñecida. “*Non volvas nunca, pensa en ti*”, dixeránlle entregándolle o billete cunha mirada que era máis unha súplica que unha petición. E parecía que o conseguiran. Desde aquel día o único contacto que mantiveran fora vía internet ou teléfono, gardando con grande segredo o destino que estaba impreso na tarxeta de embarque.

E con aquela viaxe o sono tamén retornou, xunto ás horas calmas.

Coma quen abandona a prisión despois dunha longa condena equivocada, lanzouse ao mundo para devoralo polos anos perdidos, cunha actitude de defensa inconsciente que a convencía de non necesitar. Era como se a vida estivera na obriga de indemnizala por todo o tempo consumido.

Collera codia no peito sen chegar aos trinta e, aínda que cunha nova soidade disfrazada de independencia, todos os problemas cos que se enfrontaba seguían a ter nome de varón. Amigos machistas que a chamaban radical, compañeiras que falaban de feminismo mentres reproducían o sistema patriarcal e o modelo tradicional de familia da

man de pailáns, coñecidos que a apremaban coa maternidade, profesionais do seu campo que tentaban apropiarse dos seus logros, amantes e mozos aos que un non soáballes a novo e un xefe que non facía máis que minarlle a moral.

O punto álxido da súa incredulidade por cómo seguían as cousas fora o dependente de bañeiras que se negara a venderlle un prato de ducha porque estaba máis en idade de procrear que de perder mobilidade. Tan tranquilo, sen inmutarse, como se o que ela quixera fora un disparate.

E o cansazo foina enchendo, ata a saciedade. Porque era esgotador practicar a coherencia e intentar borrar as feridas, porque habería incluso que recoñecer como enfermidade social as consecuencias de intentar vivir de acordo a uns principios e finais. Por iso fora inevitable, pensaba agora con claridade, que tras tanto tempo de resistencia e resiliencia incansable lle diagnosticaran unha enfermidade autoinmune, xusto cando estaba aprendendo a elixir ben as súas batallas.

Aquela mañá de había uns meses, na consulta do especialista e tras semanas de cambios estraños no seu corpo, coma nun mal funcionamento constante, os resultados das probas médicas amosaran un diagnóstico inesperado.

O seu corpo estaba danándose por dentro, el só, desorientado. As súas defensas pensaban que o que estaba ben estaba mal e deixaban mal o danado. Non distinguían contra qué loitar nin sabían cómo actuar ante os axentes externos. Esqueceran, ao fin e ao cabo, o seu cometido regulador e toda aquela situación convertérase nun caos inmunitario.

María escoitara con atención todas as indicacións e explicacións médicas, sen comprender. Observara, como se estivera noutro lugar, cómo a impresora cusplía papeis e máis papeis das seguintes citas e revisións e un listado enorme de medicacións.

Mentres todo isto sucedía, non sacara da cabeza a idea de que era un paradoxo a batalla interna das súas defensas, sempre alerta ante calquera real ou imaxinaria invasión, coma se se rebelaran constantemente contra os factores ambientais que as determinaban. E se aquilo non era un paradoxo, era un bo reflexo da ironía da vida. Porque alí estaba María Dolores unha vez máis, omnipresente...atrincheirada.

Saíra do hospital con paso lento, coma querendo gañar tempo para asimilar toda a información. O teléfono silenciado na consulta marcaba numerosas chamadas perdidas, da súa nai, dalgunhas amigas, de compañeiras de traballo e dun número que non coñecía. Subira ao coche sen facer caso de ningunha delas, puxera as gafas de sol para

tapar os seus ollos e conducira polas estradas da cidade sen rumbo definido. Tiña que volver ao traballo, pero non sentía prisa por facelo. Necesitaba silencio.

Chegou ata unha praia das aforas da cidade, ao lugar ao que sempre acudía cando necesitaba explicacións, pero o mar estaba calmo e non lle devolvera desta vez resposta algunha, porque non a había.

No radio, unha canción dun cantante rexurdido do esquecemento que falaba de construír unha casa para toda vida e chegara á conclusión da necesidade de redecorar a súa, adaptándoa á nova situación.

Por iso cando comezou a facer esta especie de árbore xenealóxica das mulleres da súa familia, comprendeu que a violencia máis violenta é a social, porque ningunha conseguira librarse das súas consecuencias e todas estaban marcadas, nalgunha parte do seu corpo, por ela.